

ACTA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Con data de 31 de Outubro de 2.022, de forma telemática, tivo lugar a reunión para resolver os asuntos previstos en referencia as eleccións a Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da Federación Galega de Piragüismo, así é que se trataron os seguintes puntos, todos en base aos seguintes **antecedentes** en común;

PRIMEIRO.- Con data de 24 de outubro de 2.022 pechou o prazo para presentar as candidaturas á Comisión Delegada e á Presidencia da Federación Galega de Piragüismo, presentándose un total de 4 candidaturas para a Comisión Delegada e unha única a Presidencia da federación. Así como que todos os asembleístas tomaron posesión antes da finalización do prazo.

SEGUNDO.- Continuando co proceso, o día 25 de outubro de 2022, tal e como marca o calendario electoral, publicase acta dos asembleístas que tomaron posesión, así como tamen a proclamación provisional de candidatos a Comisión Delegada e Presidencia da Federación, dando o prazo de 3 días hábiles para a presentación das reclamación pertinentes.

TERCEIRO.- Tras a observancia dos datos expostos no antecedente primeiro, a Xunta Electoral percátase de que non sería preciso realizar a asemblea constituinte, xa que existe unicamente unha candidatura á presidencia e catro para a comisión delegada, sendo as vacantes xustas a cubrir. Ante estos feitos, a Xunta Electoral ponse en contacto, o día 25 de outubro de 2.022, coa Secretaría Xeral para o Deporte a través do correo eleccionsfederacions2022.deporte@xunta.gal coa pretensión de realizar consulta acerca de como proceder ao non ter que realizar votacións e sobre a posibilidade da non celebración da asemblea.

CUARTO.- A esta consulta, a Secretaría Xeral respondeu no mesmo día que;

“o seguinte paso sería proclamar provisionalmente aos candidatos e conceder os prazos correspondentes para reclamacións tal e como figura no calendario. Unha vez transcorridos eses prazos, no seu caso, sen que se presenten recursos, deberase proclamar a eses candidatos como definitivos e, no mesmo acto, poderán tomar posesión, o que deberá constar nunha acta, asinada pola xunta electoral, onde consten as circunstancias expostas neste email.”

Da lectura de dita resposta á consulta, continuouse como ben indica a secretaría, co procedemento de reclamacións contra as candidaturas presentadas.

QUINTO.- O prazo límite da presentación de reclamacións contra a proclamación das candidaturas finalizou o venres día 28 de outubro de 2.022 ás 14.00 horas, sen que se presentara ningunha reclamación por ningún dos medios posibles de interposición, destacando que este trámite é preciso para interposición de posteriores recursos.

SEXTO.- Ante ditos acontecementos, o día 28 de outubro de 2.022 e con base na consulta realizada á Secretaría, o Secretario da Xunta Electoral da conta de forma telemática aos demais membros da Xunta Electoral do expresado no día 25 de outubro na consulta. En dita comunicación conxunta, mostrase común acordo en cumprir o indicado pola secretaría.

SÉTIMO.- O día 28 de outubro de 2.022, trala finalización do prazo de reclamacións, o secretario remítelle a través do enderezo electrónico que os candidatos aportaron coa súa candidatura, comunicación informando sobre a situación do proceso electoral, e dando un prazo de 1 día hábil (ata o luna 31 de outubro de 2.022) para que realizasen a correspondente toma de posesión do cargo.

OITAVO.- A día 31 de outubro, sendo as 14.00 horas, estaba achegada vía enderezo electrónico a toma de posesión todos aqueles que presentaron a súa candidatura.

En base a estes antecedentes comúns e de importante carácter de cara a dita reunión, téñense en conta para tratar os seguintes asuntos;

PRIMEIRO.- PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE MEMBROS DA COMISIÓN DELEGADA E TOMA DE POSESIÓN

Pola presente, en base o exposto nos antecedentes, por esta Xunta Electoral decideuse a non celebración das eleccións na asemblea constituinte xa que o artigo 25.3 do Regulamento, expón que;

“(...) Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da asemblea xeral para cubrir as vacantes outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da asemblea (...)”

En base a dito artigo, establécese e enténdese que ao cadrar o número de candidaturas co número de postos vacantes na comisión delegada é consolidado o posto destes candidatos na mesma. Polo tanto, non se pode levar a cabo a presentación de mais candidatos no acto da asemblea xa que todos os postos están cubertos e entón tampouco se pode realizar ningunha votación no referente o asunto, xa que nos atoparíamos nun absurdo ao votar a 4 candidaturas para 4 vacantes, distribuídos da forma exposta no artigo 25 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo, onde se nos expón no punto segundo que;

“O número de membros da comisión delegada da Federación Galega de Piragüismo é de 6 máis o presidente que pertence a mesma como membro nato. Deberá gardarse a seguinte proporción:

- *Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da presidencia da Federación (dous membros). (...)*
- *Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (dous membros).*
- *Un terzo corresponderá aos demais estamentos (dous membros). (...)*”

Asimesmo, e sen reclamación ningunha presentada, dispoñémonos a declarar como candidatos definitivos a;

TERZO CORRESPONDENTE AS ENTIDADES DEPORTIVAS

- Clube Piragüismo Fluvial Allariz
- Club Piragüismo Ciudad de Lugo

TERZO CORRESPONDENTE AOS DEPORTISTAS, ÁRBITROS E TÉCNICOS

- Juan José Costal Filgueira TÉCNICOS
- José Manuel Sánchez Moure ARBITROS

A ditas candidaturas requireuselles que presentasen a súa toma de posesión, a cal realizaron correctamente no seu momento oportuno, dando o trámite por evacuado e finalizando o procedemento electoral referente a Comisión Delegada, onde non foi preciso expoñer os resultados das votacións nin a presentación de recursos contra os mesmos ao non existir as ditas votacións e un dos motivos polos cales non se celebrou a asemblea constituínte.

No referente a Comisión Delegada, e no cumprimento do artigo 25, recordamos ao futuro presidente da Federación Galega de Piragüismo que dispón de 10 días hábiles dende a publicación deste documento para a elección dos outros 2 membros que comporán a asemblea, debendo remitilos a Xunta Electoral para o seu coñecemento.

SEGUNDO.- PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO E TOMA DE POSESIÓN

Como candidaturas a presidencia, unicamente se recibe na dirección electrónica da Xunta Electoral o número de 1 candidatura, así como tamén por Rexistro da FGP, que corresponde a;

- José Alfredo Bea García

Dito candidato cumpre os requisitos estipulados nos artigos 21 e 7, aportou a documentación requirida nos mesmos e acompañando dita solicitude coa presentación de 6 avais, correspondentes ó 12 % da asemblea xeral.

Con similar fío argumental exposto para a non realización das votacións da Comisión Delegada, debemos expoñer que tampouco se podían celebrar votacións para a presidencia da Federación Galega de Piragüismo en consonancia co artigo 24.6 do Regulamento, xa que relata que *“no caso de que se presentase unha soa candidatura, non se celebrara votación”*

Polo tanto, en consonancia co exposto no anterior punto e neste, suporía que si se celebrase a asemblea constituínte unicamente estaríamos acudindo para a escoita do discurso do único candidato (e se o estimase oportuno), supoñendo un gravamen para os asembleístas e candidatos a comisión delegada e presidencia de carácter económico e de tempo. Asimesmo, hai que sumarlle que todos e cada uns dos asembleístas xa tomaron posesión do cargo.

En prol deso, e igual que aconteceu coa Comisión Delegada, emiteuse consulta a Secretaría Xeral para o Deporte que ao existir un único candidato, o que non recibe ningunha reclamación tras a exposición pública da súa candidatura, se proceda a declarar como candidato definitivo e realice a súa toma de posesión. Polo tanto a dita candidatura requireuselle que presentase a súa toma de posesión, a cal realizou correctamente no seu momento oportuno, dando o trámite por evacuado e finalizando o procedemento electoral referente a Presidencia, onde non foi preciso expoñer os resultados das votacións nin a presentación de recursos contra os mesmos ao non existir as ditas votacións e outro dos motivos polos cales non se celebrou a asemblea constituínte.

Polo tanto, en base os puntos expostos, e con fundamento xurídico no exposto ao longo do documento extraídos do Regulamento, por esta Xunta Electoral ACÓRDASE;


I. A proclamación de D. Jose Alfredo Bea García como candidato único e definitivo a presidencia.

Tamén a proclamación de D. Jose Alfredo Bea García como Presidente da Federación Galega de Piragüismo, e a aceptación da súa toma de posesión.

II. A proclamación como membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo a todos aqueles expostos no punto primeiro, así como cumprido o seu trámite de toma de posesión.


III. O requerimento a D. Jose Alfredo Bea García do cumprimento co artigo 24 no prazo de 10 días hábiles e designe os 2 membros restantes que formen a Comisión Delegada, con comunicación a esta Xunta Electoral.

A PRESIDENTA




Fdo.: Valeria Romero Gómez

O VOGAL



Fdo.: Iván Ferro Herbón

O SECRETARIO



Fdo.: Eddie Freire Suárez